

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
LALÍN

Persoal, oposicións

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN: 1 DOCENTE DE TROMPA, 1 DOCENTE DE TROMPETA E 1 DOCENTE DE FAGOT

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN: 1 DOCENTE DE TROMPA, 1 DOCENTE DE TROMPETA E 1 DOCENTE DE FAGOT

I

OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto o proceso de selección para a contratación, con contrato laboral de interinidade, por vacante, de 1 docente de Trompa, 1 docente de trompeta e 1 docente de Fagot, para o Conservatorio Profesional de Música do Padroado Cultural de Lalín.

II

CONDICIÓNS DE CONTRATACIÓN

DOCENTE DE TROMPA:

- Modalidade contractual: contrato laboral de interinidade, por vacante
- Xornada laboral: Tempo parcial. 20 horas semanais.
- Salario: Segundo o establecido na estrutura organizativa do Padroado Cultural de Lalín, aprobada, en Sesión extraordinaria, do Consello de Administración do Padroado Cultural de Lalín o 13/11/2019 e en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal do 15/11/2019, onde tivo lugar a súa aprobación inicial.

DOCENTE DE TROMPETA:

- Modalidade contractual: contrato laboral de interinidade, por vacante
- Xornada laboral: Tempo parcial. 20 horas semanais.
- Salario: Segundo o establecido na estrutura organizativa do Padroado Cultural de Lalín, aprobada, en Sesión extraordinaria, do Consello de Administración do Padroado Cultural de Lalín o 13/11/2019 e en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal do 15/11/2019, onde tivo lugar a súa aprobación inicial.



Martes, 14 de xaneiro de 2020

Núm. 8

DOCENTE DE FAGOT:

- Modalidade contractual: contrato laboral de interinidade, por vacante
- Xornada laboral: Tempo parcial. 10 horas semanais.
- Salario: Segundo o establecido na estrutura organizativa do Padroado Cultural de Lalín, aprobada, en Sesión extraordinaria, do Consello de Administración do Padroado Cultural de Lalín o 13/11/2019 e en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal do 15/11/2019, onde tivo lugar a súa aprobación inicial.

III**FUNCÍONS/TAREFAS A DESENVOLVER**

Impartir clases das materias propias da especialidade a impartir (trompa, trompeta e fagot, respectivamente) así como das complementarias a dita formación, asumindo as tarefas propias dun docente: avaliación, preparación das clases, etc, segundo o estipulado na ficha existente para tal posto na estrutura organizativa do Padroado Cultural de Lalín, aprobada, en Sesión extraordinaria, do Consello de Administración do Padroado Cultural de Lalín o 13/11/2019 e en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal do 15/11/2019, onde tivo lugar a súa aprobación inicial. (xunto coa publicación das presentes bases na páxina web do Concello, publicaranse, como anexo, as mencionadas fichas, correspondentes ás prazas de docente que forman parte da estrutura organizativa do Padroado Cultural de Lalín)

IV**CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES**

Para poder participar neste proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 5/2015, d o 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
2. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facendoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas, e especificando tales adaptacións.
3. Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:DFAFVGF8XG8JPP



Martes, 14 de xaneiro de 2020

Núm. 8

4. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
5. Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

b) Requisitos específicos:

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións, en función da praza á que se presente:

DOCENTE DE TROMPA:

- Título Superior de Trompa (LOXSE)
- Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Trompa (Plan 1966)
- Título Profesional de Trompa (Plan 1942)

DOCENTE DE TROMPETA:

- Título Superior de Trompeta (LOXSE)
- Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Trompeta (Plan 1966)
- Título Profesional de Trompeta (Plan 1942)

DOCENTE DE FAGOT:

- Título Superior de Fagot (LOXSE)
- Título de Profesor Superior, ou de Profesor, de Fagot (Plan 1966)
- Título Profesional de Fagot (Plan 1942)

Presentación dunha Unidade didáctica relacionada coa materia a impartir. Curso e temática libre. Máximo 5 follas. Arial 12. Interlineado dobre.

Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Concello de Lalín durante máis de vinte catro (24) meses, nun período de trinta (30) meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou máis contratos temporais, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, na mesma ou diferente modalidade contractual de duración determinada, para os efectos do previsto no artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.



V**PRESELECCIÓN DOS/DAS ASPIRANTES**

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A presentación das solicitudes farase no Rexistro do Concello de Lalín, en horario de 09:00 a 15:00 horas en días laborais, ou nas demais oficinas públicas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que a solicitude non se presente no Rexistro do Concello deberá enviarse un correo electrónico a emprego@lalin.gal co documento acreditativo da súa presentación en prazo. Se o último día de prazo fose domingo ou festivo prorrogarase ao día seguinte hábil.

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar unha instancia dirixida ao Presidente do Padroado, segundo modelo que figura como ANEXO I das presentes bases, na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Á solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI/NIE da persoa solicitante
- Copia compulsada da documentación acreditativa do baremo de méritos, tal e como se especifica na base VII destas bases de selección
- Unidade didáctica relacionada coa materia a impartir – curso e temática libre, máximo 5 follas. Arial 12. Interlineado dobre.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra de prazo de presentación de instancias, xa que non poderán ser subsanados. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Presidente do Padroado Cultural de Lalín ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica do Concello de Lalín, no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal, dispoñendo do prazo de 5 días hábiles para subsanar os defectos que motivaron a exclusión. No caso de que non sexa necesaria subsanación algunha, a lista provisional elevarase a definitiva.

VI**PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA**

As bases do proceso selectivo publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e estarán a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello de Lalín, no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal na (www.lalin.gal)

Os anuncios do procedemento publicaranse na sede electrónica, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.



Martes, 14 de xaneiro de 2020

Núm. 8

VII SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de CONCURSO – OPOSICIÓN.

FASE OPOSICIÓN:

A fase de Oposición constará de dúas probas:

INTERPRETACIÓN DUNHA OBRA – Máximo 12 puntos

Todos/as os/as candidatos/as deberán realizar a interpretación dunha obra ou movemento, a elixir polo intérprete, cunha duración non superior aos 8 minutos. De ser o caso de interpretar unha obra con acompañamento, este será voluntario e a cargo do/a aspirante.

O Tribunal poderá interromper a interpretación no momento que considere oportuno.

A data, hora, lugar da proba publicarase na sede electrónica, no taboleiro de Editos do Concello e na páxina web www.lalin.gal ao mesmo tempo que o listado definitivo das persoas admitidas para participar no proceso selectivo.

Os aspirantes deberán acudir provistos de DNI, dos instrumentos musicais e dunha copia das pezas a interpretar dirixidas ao Tribunal.

A puntuación máxima desta proba será de 12 puntos.

Os criterios a ter en conta para a valoración desta proba son:

- Dificultade técnica e musical da peza interpretada.
- Fidelidade ao texto musical: precisión rítmica, corrección nas articulación e execución dos tempos indicados polo compositor.
- Coherencia sintáctica (fraseo e entendemento correcto do discurso musical)
- Sonoridade entendendo tanto o propio instrumento como os planos sonoros co acompañamento, no caso de existir.
- Adecuación á partitura na execución das indicacións correspondentes á dinámica e a agónica.
- Afinación

PROBA PRÁCTICA – Máximo 5 puntos

Versará sobre a defensa da unidade didáctica relacionada coa materia a impartir, atribuíndo unha puntuación máxima de 5 puntos

A proba práctica será realizada inmediatamente despois da interpretación da obra, polo que a data, hora e lugar, serán as mesmas que no apartado anterior.



Martes, 14 de xaneiro de 2020

Núm. 8

Quedarán excluídos aqueles aspirantes que non comparezan á realización da proba consistente na interpretación dunha obra.

Para a exposición da unidade didáctica, a persoa aspirante poderá utilizar o material auxiliar sen contido curricular que considere oportuno. Dito material auxiliar servirá para apoiar a exposición mediante a utilización de recursos didácticos non electrónicos nin susceptibles de reprodución electrónica (ilustracións, diagramas, partituras, esquemas, etc., en formato papel).

Os criterios a ter en conta para a valoración desta proba son:

- Emprego dun título coherente cos contidos e obxectivos.
- Adecuación da Unidade Didáctica a quen vai dirixida (grao e curso).
- Xustificación da Unidade Didáctica.
- Correcta temporalización da Unidade Didáctica.
- Adecuación a normativa vixente, en especial aos obxectivos e competencias segundo o marco legal.
- Desenvolvemento de diferentes tipos de actividades (de inicio, de avance, de reforzo, ampliación, etc.)
- Exposición clara, ordenada, coherente e segura dos coñecementos cun vocabulario específico e actualizado.
- Emprego dunha metodoloxía motivadora e estimulante.
- Utilización dunha introdución e dunha conclusión adecuadas.
- Avaliación da Unidade Didáctica (uso de instrumentos de avaliación coherentes cos criterios de avaliación, avaliación inicial, final, plan de recuperación, etc.)

FASE CONCURSO - Máximo 10 puntos

Na fase de concurso, valoraranse os seguintes méritos:

- | | |
|---|-------------------|
| 1.- Requisitos específicos , imprescindibles para participar neste proceso | 0 puntos |
| 2.- Formación complementaria - máximo | 3 puntos |
| <ul style="list-style-type: none">• Por asistencia a cursos relacionados coa materia a impartir: 0,02 puntos por curso, cun máximo de 2 puntos.• Por asistencia a outros cursos musicais: 0,01 puntos por curso cun máximo de 1 punto. Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. | |
| 3.- Experiencia Laboral -máximo | 6,5 puntos |
| <ul style="list-style-type: none">• Por impartir clases nun Conservatorio de Música Oficial: 0,05 puntos por mes de servizos cun máximo de 4,5 puntos.• Experiencia profesional en Escolas ou centros de música: 0,01 puntos por mes de servizos cun máximo de 2 puntos. Só se valorará a experiencia reflectida no informe de vida laboral da TGSS, e contrato de traballo ou ben certificado de empresa. | |



Martes, 14 de xaneiro de 2020

Núm. 8

4.- Idioma galego – máximo**050 puntos**

CELGA 3 / curso de iniciación: 0,25 puntos

CELGA 4 / curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Os servizos prestados na Administración Pública, ademais de con contrato de traballo poderán acreditaranse mediante a presentación de certificacións das Administracións correspondentes nas que se indique o tempo e posto de traballo desempeñado. Esta experiencia laboral deberá estar reflectida na vida laboral.

As titulacións e os cursos acreditaranse mediante a presentación de certificacións ou diplomas acreditativos da súa realización.

Para acreditar a experiencia laboral docente:

- Informe oficial de Vida Laboral actualizada xunto coa copia compulsada dos contratos de traballo
- Certificado de empresa no que consten as tarefas realizadas e o tempo traballado, sempre e cando apareza reflectido na vida laboral.

VIII CUALIFICACIÓN FINAIS

Finalizada a fase de oposición, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación, coa cualificación acadada por cada un deles/as, así como o listado provisional de baremación de méritos, xunto coa cualificación final provisional do proceso selectivo. Transcorridos 3 días hábiles, onde as persoas que así o consideren poderán formular as reclamacións oportunas, procederase a elevar a definitivo dito listado e publicar a Acta final de selección.

A cualificación final será a resultante da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. En caso de empate nas cualificacións, os criterios para o desempate serán:

- Maior puntuación na interpretación da obra
- Maior experiencia.
- No caso de persistir o empate resolverase por sorteo.

Determinada a cualificación final, o tribunal elevará ao Presidente do Padroado Cultural de Lalín unha relación na que figuren, por orde de puntuación, as cualificacións finais dos aspirantes, e propondrá a contratación dos/as candidatos/as que obteñan as maiores puntuacións, de acordo co número de prazas ofertadas.

As cualificacións finais e maila proposta do tribunal publicaranse no taboleiro de editos, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Lalín.



Martes, 14 de xaneiro de 2020

Núm. 8

IX TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- **PRESIDENTE:** O director do conservatorio, ou persoa en quen delegue
- **SECRETARIO:** Secretario do Padroado ou persoa en quen delegue
- **VOCAIS:** 3 Técnicos municipais ou Persoal do Padroado Cultural de Lalín

A composición nominal dos membros do Tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e aprobarase por Resolución do Presidente do Padroado Cultural de Lalín que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros e deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores aos esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

X CONTRATACIÓN DOS/AS ASPIRANTES PROPOSTOS

Concluído o proceso selectivo e a proposta do tribunal cualificador, o Presidente do Padroado, acordará a contratación dos aspirantes propostos.

A proposta do Tribunal Cualificador terá carácter vinculante para o Presidente do Padroado Cultural de Lalín.



Martes, 14 de xaneiro de 2020

Núm. 8

Se algún dos aspirantes non asinase o contrato no prazo que se lle conceda, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na base VII, o Presidente do Padroado, poderán acordar a contratación, de entre os aspirantes que superaron o proceso selectivo, do/a aspirante que se precise, respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na citada relación.

XI INCOMPATIBILIDADE CO CARGO

O réxime de incompatibilidade será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

XII CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan ao organismo autónomo municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo.

XIII INCIDENCIAS

O Tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presenta a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

XIV RÉXIME XURÍDICO

O proceso selectivo regularanse polo disposto nestas bases e no non previsto nelas de acordo co establecido na lexislación vixente de aplicación. As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei

O presidente do padroado,
José Crespo Iglesias

